

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO

O tribunal do proceso selectivo para o acceso á escala de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas, subgrupo A2, pola quenda de promoción interna, convocado por resolución reitoral de 30 de abril de 2024, na reunión de 19 de febreiro de 2025, en cumprimento da base da convocatoria que indica que *Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección, e tendo en conta as previsións desta para o terceiro exercicio*¹, **ACORDOU:**

Primeiro.- Facer públicos os **criterios de avaliación e corrección** do terceiro exercicio da fase de oposición:

Criterios de avaliación e corrección **da 1ª parte do terceiro exercicio:**

- A exhaustividade e pertinencia dos puntos de acceso elaborados.
- A correcta aplicación das normas establecidas polas regras de catalogación vixentes na BUSC.
- A correcta aplicación da codificación do formato MARC 21 e da puntuación ISBD.

Criterios de avaliación e corrección **da 2ª parte do terceiro exercicio:**

- A correcta resolución do exercicio, amosando coñecementos xerais e específicos e capacidade de relacionalos co suposto.
- A facilidade e corrección da expresión escrita e o emprego axeitado de linguaxe técnica.
- O rigor analítico, a capacidade de síntese e a claridade e orde de ideas.

¹ Instrucións da convocatoria para o terceiro exercicio:

Terceiro exercicio: constará de dúas partes:

1ª parte. Consistirá na realización de tres rexistros conforme as normas RDA aplicadas pola BUSC en formato MARC 21:

- *A catalogación orixinal dun documento moderno en calquera soporte e lingua viva occidental.*
- *A modificación dun rexistro bibliográfico dun documento moderno en calquera soporte e lingua viva occidental importado doutro catálogo.*
- *A realización dun rexistro de autoridade de persoa.*

Utilizaranse os manuais de catalogación e autoridades vixentes dispoñibles na intranet da Biblioteca Universitaria, así como calquera das listas de encabezamentos de materia existentes indicando a persoa aspirante a lista e a edición da CDU empregadas.

Os/as opositores/as traballarán sobre fotocopias e poderán consultar os orixinais na mesa do tribunal.

Para a realización desta parte, as persoas aspirantes disporán de dúas horas.

2ª parte. Consistirá na resolución dun suposto práctico, de carácter técnico, que se vai elixir entre dous propostos polo tribunal relacionados co programa da convocatoria. Valorarase, ademais da correcta resolución dos supostos, a facilidade e corrección da expresión escrita, o rigor analítico, a sistemática e claridade de ideas. O tempo máximo para a realización desta segunda parte será de noventa minutos.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 40 puntos e será necesario obter un mínimo de 20 puntos para superalo. Cada parte cualificarase cun máximo de 20 puntos e será necesario obter un mínimo de 10 puntos en cada unha.

Segundo.- Facer públicas as seguintes instrucións para a primeira parte do terceiro exercicio:

- O exercicio realízase a partir de fotocopias das partes das obras, que recollerán a información necesaria para a realización da catalogación. Os orixinais das obras estarán a disposición das persoas aspirantes para seren consultados na mesa do tribunal.
- As persoas aspirantes poderán levar e utilizar no exame unha versión impresa do Manual RDA e do Manual de Autoridades, aloxados na BUSC intranet, a CDU, as listas de encabezamentos de materias existentes e o formato MARC 21, así como os dicionarios de idiomas que consideren oportunos. Na mesa do tribunal disporase dun número limitado de exemplares destas obras para a súa consulta.
- A redacción dos asentos realízase sobre un padrón/modelo base do formato MARC 21 proporcionado polo tribunal, que está precedido dun apartado no que a persoa aspirante deberá indicar a lista de encabezamentos de materia e a edición da CDU que vai empregar na realización do exercicio.
- É necesario incluír a puntuación ISBD.
- Non fai falta rexistrar o primeiro código de subcampo \$a das etiquetas.
- Para realizar esta primeira parte do exercicio, as persoas aspirantes disporán de dúas horas.

Terceiro.- Facer públicas as seguintes **instrucións xerais**:

- Para garantir o seu anonimato non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura na folia de respostas do exame que poida inducir á súa identificación. O tribunal excluír a aquelas persoas aspirantes que consignan nas follas de exame o seu nome, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.
- As persoas aspirantes non poderán abrir o sobre que contén os exercicios ou comezar a realización do exercicio antes de que o autorice o tribunal.
- As persoas aspirantes que desexen saír antes da finalización do tempo faranllo saber aos membros do Tribunal, que darán as instrucións oportunas.
- A hora de inicio e de remate do exame serán indicadas polo tribunal.
- Cando finalice o tempo do exercicio, o Tribunal dará as instrucións oportunas para entregar o exercicio, así como para saír da aula de forma ordenada.
- As persoas aspirantes non poderán continuar escribindo cando o tribunal indique que finalizou o tempo de exame.
- As persoas aspirantes deberán entregar a folia de respostas do exame.
- No caso de ter algunha dúbida pregunte unicamente aos membros do Tribunal. As persoas aspirantes que precisen certificado de asistencia ao exercicio, deberán solicitalo a través de correo electrónico á secretaría do tribunal.

Cuarto.- Serán **causas de exclusión** do proceso selectivo:

- Abrir o sobre que contén os exercicios ou comezar a súa realización antes de que o Tribunal o autorice.
- Continuar escribindo cando o Tribunal indique que o tempo de exame rematou.
- Falar, copiar, intercambiar exames ou información co exterior ou con calquera persoa participante neste proceso.

- A utilización de teléfonos móbiles, axendas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Presidenta do tribunal
María Isabel Casal Reyes

Taboleiro electrónico da Sede Electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>

Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS:

<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oep/listado>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL CASAL REYES, DIRECTORA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 20/02/2025 12:58:04.

CSV: 7B8D-ED01-4266-B966